

MONUMENTO ÁS VÍTIMAS DO FRANQUISMO

Ergueuse no lugar do Freixo próximo ao límite co concello de Muros, onde fora asesinado o deputado republicano Luis Barrena y Alonso de Ojeda. Este era natural de Sigüenza (Guadalajara) e foi concelleiro en Madrid na primeira corporación republicana saída das urnas en abril de 1931. Logo contribuíu á fundación do Partido Republicano Radical Demócrata, xunto con Diego Martínez Barrio, quen despois sería brevemente xefe do goberno republicano trala dimisión de Casares Quiroga. Estaba casado con Carme Doval, unha farmacéutica natural de Muros, filla dun prestixioso avogado afincado na capital.

En 1936 saíu elixido membro das Cortes pola circunscrición de Melilla; non sabemos cal era a súa relación con aquela cidade, pero si que alí xa recibira varias homenaxes en vida pola súa extendida reputación de avogado penalista.

Cando en Madrid se tivo coñecemento da sublevación do exército africano, o presidente das Cortes indicou a todos os deputados a comenencia de desprazarse ao seu lugar de elección para respaldar ás autoridades republicanas. Diante da imposibilidade de trasladarse a Melilla, onde xa se fixeran fortes os alzados en armas, Barrena optou, xunto a outros deputados galegos, por achegarse á Coruña, porque en Galicia xa estaba de vacacións a súa muller cos seus catro fillos.

Trala infructuosa resistencia da alcaldía e o goberno civil na cidade herculina fronte aos militares sublevados e a incapacidade de regresar a Madrid, Barrena dirixiuse a Esteiro (Muros) onde estaba a familia. Alí foi secuestrado a noite do 21 de agosto por un comando falanxista da localidade e executado nunha cuneta da estrada a Noia, dentro do límite co concello de Outes.

No mesmo lugar en que caeu abatido, a Asociación Terra de Outes erguéu hai uns anos un monolito na que se colocou unha placa de pedra na súa memoria e na de todas as vítimas do franquismo de Muros e Outes. No 2009 esta Asociación construíu un pequeno xardín ao seu redor e celebrou un acto ao que acudíu Lorenzo Fernández Prieto, entón vicerrector da USC e coordinador do proxecto interuniversitario "Voces, nomes e lugares" de recuperación da Memoria Histórica. O ano seguinte, o concello de Noia colocou unha placa en recordo das vítimas noiasas do franquismo e no ano 2011, no 75 aniversario do asesiñato de Luis Barrena, a A.C.C. Terra de Outes prantou no seu entorno medio cento de loureiros e dispuxo un pequeno paseo de area coa finalidade de outorgarlle a dignidade a este monumento que se merecen todos os veciños desta comarca que perderon a súa vida pola democracia e a liberdade, canto máis por atoparse entre eles un representante da vontade popular.

Como en cada un dos actos anteriores e en cada un dos que no futuro seguiremos realizando, non deixaremos de esixir o derogamento da Lei de Amnistía promulgada polas últimas Cortes franquistas que aínda protexe os seus crímenes. Cremos na necesidade de acabar coa impiedade dos colaboradores do Réxime para que dunha vez por todas se faga xustiza coa memoria de aqueles mártires, co padecemento que sufriron os seus familiares e, por descontado, co secuestro da soberanía popular e o oprobio que durante décadas sufrimos todas e todos cantos vivimos coa nosa liberdade secuestrada polo abxecto réxime da ditadura, moitos de cuxos representantes, non só seguen paseando fachendosamente, polas nosas rúas senón que tamén se congratulan de laminar aos xuíces que pretenden investigar os crímenes do franquismo.